



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Veterinaria

Curso Académico: 2015/16

Índice

1. Introducción	2
Documentación de referencia.....	2
Composición e funcións da Comisión de Calidade.....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
Vixencia da Política de Calidade.....	5
Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.....	5
Estado do Plan de Melloras para o curso 2015-16.	7
Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.	7
3. Plan de Melloras do Centro	12
4. Anexo: Informes de seguimento	15

1. Introducción

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria, correspondente ao curso académico 2015-2016, ten sido elaborada pola Comisión de Calidade do Centro seguindo as indicacións da guía facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 afecta ao título de Grao en Veterinaria e ao Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria. Por suposto, tódalas persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos son os destinatarios directos de cantas accións se leven a cabo no marco do dito SGIC.

No caso da Licenciatura en Veterinaria, quedó definitivamente extinguída ao remate do curso 2015-2016.

Documentación de referencia.

A documentación de referencia ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos, e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), é a que se cita a continuación:

- Memoria de Grao en Veterinaria da USC.

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Veterinaria.pdf

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Veterinaria, renovado e aprobado pola Xunta de Centro o 17 de decembro de 2015, coa ratificación do Consello de Goberno da USC o 7 de Xuño de 2016.

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/veterinaria/normativa/Regulamento_de_Rexime_Interno_FVL.pdf

- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade. Estes están pendentes de renovación logo da nova estrutura departamental promovida polo REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE DEPARTAMENTOS DA USC aprobado polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, a Responsable de Calidade do Centro e a Coordinadora do Título.

- As funcións de cada un dos órganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no *Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Veterinaria: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC*:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/veterinaria/descargas/Manual_simplificado_SGI_C_FacVet_v.03x4-02-2015x.pdf

Composición e funcións da Comisión de Calidade.

Con data 04/02/2015 o Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Veterinaria, que inclúe a reconfiguración da Comisión de Calidade do Centro.

Membros da Comisión de Calidade:

- Decano/a da Facultade de Veterinaria (presidente/a)
- Responsable de Calidade da Facultade de Veterinaria (RCC, Secretario/a)
- Vicedecana de Ordenación Académica e Estudantes
- Vicedecana de Prácticas Externas e Infraestruturas
- Coordinador/a do Grao en Veterinaria
- Coordinador/a do Máster en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria
- Responsable da Unidade de Apoio á Xestión
- Representante do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo (Presidente/a do Colexio ou quen designe)
- Representante de Alumnos (preferiblemente alumno/a-tutor/a)

Funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora, e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2015-2016:

Segundo o procedemento establecido en anos anteriores, tódalas reunións da Comisión de Calidade foron convocadas mediante a aplicación de axuda á xestión (AASX) que ten posta en uso a USC, e debidamente introducido o seu contido. De acordo con estes rexistros, as actuacións da Comisión durante o curso analizado son as que se indican embaixo, cuxas actas pódense consultar na dita aplicación.

16/10/2015. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación se procede do Borrador do Plan Estratéxico e DAFO 2014-2018 da Facultade de Veterinaria.

20/11/2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- Aprobación do Infome anual de seguimento do título de Grao en Veterinaria 2014-15
- Aprobación do Infome anual de seguimento do título de Master Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria 2014-15.

15/01/2016. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Elaboración do documento final da Memoria de Calidade do Centro
- Aprobación do Plan Plurianual da Facultade de Veterinaria 2014-2018

26/02/2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Presidente
- Aprobación , se procede, da acta da sesión anterior (15 de xaneiro de 2016)
- Selección das accións de mellora para as que se vai pedir financiamento
- Ruegos y Preguntas

17/03/2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Presidente
- Aprobación , se procede, da acta da sesión anterior (26 de febreiro de 2016)
- Confirmación do financiamento das accións de mellora seleccionadas
- Rogos e Preguntas

23/06/2016. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Informe do Sr. Presidente
- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- Revisión da Convocatoria de bolseiros para desenvolvemento das accións de mellora
- Informe da Vicedecana de estudantes sobre os alumnos que non superaron ningunha materia no primeiro semestre
- Asuntos de trámite
- Rogos e preguntas

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Vixencia da Política de Calidade.

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da Facultade. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de tódalas titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O SGIC marco da USC empregado como base para tódolos centros, está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas AUDIT e FIDES elaborados polas axencias a estes efectos.

Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/calidade.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2015-2016 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.

O Plan Estratéxico foi elaborado pola CCC, tramitado conforme o establecido no manual do SGIC -Proceso de planificación estratéxica Vet-PE-01-, e finalmente aprobado en Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2015.

A Programación Plurianual tamén elaborada pola Comisión de Calidade do Centro, aprobouse en Xunta de Facultade o 18 de xaneiro de 2016.

O Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria establece o seu marco temporal no período 2014-2018. Queda desenvolvido mediante catro liñas estratéxicas de acción, formuladas nunha serie de obxectivos cada unha delas, os cales establecen accións concretas. Na Programación Plurianual para o referido período, as accións quedan fixadas cunha temporalidade estimada para a súa consecución. Algunhas son de periodicidade semestral ou anual, de xeito que acaben por sustanciarse en procedementos de actuación consolidados. Agás unha que aínda non foi posible acometer (2.2.3) todas van desenvolvéndose según o previsto.

Das accións con data de finalización concreta e comprometida para o curso 2015-16, podemos considerar feitas, aínda que algunhas podan estar só parcialmente rematadas e outras continuar no tempo, as que a seguir se refiren.

1. Liña estratéxica de Planificación da enseñanza:

- acción 1.1.2.
Desde o curso 2013-14 o tamaño dos grupos para as distintas actividades formativas axústase ao indicado na Memoria de Verificación do Título e na Planificación Académica Anual da Universidade.
- acción 1.2.1 (en parte)
No curso 2014-15 procedeuse a realizar unha redistribución entre as materias das competencias establecidas na Memoria de Verificación do Título. Esta nova distribución, polos prazos necesarios para a súa aprobación, entrará en vigor no vindeiro curso 2016-17.
- acción 1.2.2
Cada curso académico, as programacións docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos son aprobadas e publicadas na páxina web do Grao nos prazos establecidos. Antes de ser aprobadas en Xunta de Facultade e publicadas na páxina web, as programacións son revisadas pola Comisión de Docencia e Comisión de Titulación para asegurar que nelas se atopa recollida de maneira suficientemente clara toda a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e tempo de traballo, métodos de avaliación etc.

2. Liña estratéxica de Desenvolvemento da docencia:

- acción 2.4.2 (en parte).
Iniciado o procedemento de redacción e aprobación de convenios coas empresas colaboradoras na actividade práctica extramuros. Prevista a súa finalización para o curso 2016-17.
- acción 2.4.3
A USC ten contratada con MAPFRE unha póliza de Responsabilidade Civil que ampara os danos que poida ocasionar no desenvolvemento da súa actividade (Explosión, Accidentes de Traballo, Produtos e Contaminación Accidental) e con ela amparáronse as prácticas tuteladas/optativas durante o curso 2015-2016 dos alumnos da Facultade de Veterinaria.
- acción 2.4.5
As prácticas externas optativas quedan reguladas e ofertadas polo Consello Social (<http://www.usc.es/gl/goberno/csocal/practiclas/>).

3. Liña estratéxica de Xestión, recursos materiais e servizos:

- acción 3.1.1 (en parte)
As dúas primeiras fases están rematadas, en tanto que a terceira enmárcase dentro dun proceso que afecta a todo o Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela, e manexa a Xerencia da mesma.
- acción 3.2.4
Dende este curso 2015-16 está dispoñible na web un formulario para solicitar a reserva de espazos. Aínda en probas para recibir as suxerencias de mellora por parte dos usuarios.
- acción 3.3.1.
Na primavera de 2015-16 realizouse a actividade de formación sobre actuación en caso de emerxencias, especificamente ante incendios.

- acción 3.4.1

De acordo co establecido no manual do SGIC, proceso Vet-PM-04, no curso 2015-16 implementouse na páxina web do Centro un formulario para que os usuarios poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación:

http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/suxerencias_reclamacions.html, xunto cun pdf para consultar o diagrama de fluxo. O procedemento esta en construción con propósito de telo rematado en canto ao rexistro e seguemento de cada incidencia, no próximo 2016-17.

Neste sentido convén facer constar que a información dispoñible en canto ás incidencias rexistradas a través da OAR non resulta todo o útil que debería xa que, a maioría das mesmas non son comunicadas ao Centro para o seu coñecemento. Por outra banda, a memoria anual da OAR, ofrece só datos agregados que tampouco permiten analizar con detalle a resolución final de cada reclamación que afecta á facultade.

4. Liña estratéxica de Información pública:

- acción 4.1.1 (con continuidade)

Só queda pendente o mantemento da páxina web en castelán e inglés, por cuestións alleas a Facultade. Cando temos a seguridade de que a información precisa ser consultada por usuarios de fóra da comunidade, facilítase o texto duplicado en castelán ou, alternativamente, un arquivo descargable traducido.

Estado do Plan de Melloras para o curso 2015-16.

As accións de mellora comprometidas para este curso foron todas finalizadas conforme se indica no informe de renovación da acreditación do título de Grao en Veterinaria, páxs. 34-64.

Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.

Presentamos a continuación o resultado da análise dos indicadores recollidos no SGIC do Centro, facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, correspondentes ao curso académico 2015-2016. Estes datos poden atoparse no enlace embaixo, no que figuran para tódolos graos da USC, ou ben na lapela “Indicadores”, sistema Facultade de Veterinaria na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión; neste caso os datos desagregáronse para tomar só os correspondentes ao título de Grao xa que no curso analizado o Máster estaba extinto.

<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>

Para facilitar a súa visualización, recompílanse na seguinte táboa, na que figuran tamén os dous cursos anteriores para ver a súa evolución temporal.

Táboa de indicadores recollidos no SGIC para o Grao en Veterinaria

Código	Descrición	2013-14	2014-15	2015-16
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	110	110	110
IN02G-PC-05	Matrícula	464	565	620

IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	124	124	114
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	117	111	107
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	4,46	-5,13	-3,6
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	10,26	10,79	10,99
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	99,15	100	100
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,59	2,48	2,74
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	43,97	44,60	45,81
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	98,18	91,82	91,82
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	81,29	90,37	97,27
IN15G-PC-05	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	3,48	4,24	3,04
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,59	3,36	2,58
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,66	6,90	4,35
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	-	4,39	4,40
IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas		4,05	4,17
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	-	4,33	4,17
IN22G-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións		100	100
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible		3	3,36
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	75,89	75,38	91,51
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	92,86	94,62	96,03
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	75,89	75,38	75,40
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	4,63	4,69	4,87
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	93,28	89,42	92,43
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	18,53	17,50	17,75

IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos		2,92	3,37
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	74,77	78,01	81,09
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	80,47	83,82	85,73
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	92,92	93,67	94,59
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	-	-	59,26
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	-	5	5,55
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	-	95,68	s/d
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	4,08	4,85	4,95
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	-	-	1,85
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación		2,32	3,67
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,81	3,82	3,80
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,83	3,70	3,48
IN48G-S01-PM-01	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	18,34	29,25	25,48
IN50G-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados			92,25
IN51G-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación			30,56
IN53G-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)			90,82

A análise dos indicadores segue a mesma agrupación que considera a Área de calidade, a cal permite comentar aspectos relacionados entre sí agás que os indicadores podan non ser consecutivos na ordenación da táboa. Entre todos, prestamos atención a aqueles que parecen máis significativos para unha análise singularizada dun só curso académico, aínda que se podan establecer comparacións en canto á tendencia.

Ingreso

A oferta de 110 prazas de novo ingreso (IN01G-PC-05) permanece invariable dende a creación do título, cunha demanda superior (114, IN03G-PC-05) tamén no curso 2015-16.

O 100% dos alumnos accederon á titulación en 2015 con puntuación igual ou superior a 6 (IN07G-PC-05), cunha nota media de acceso por preinscrición (IN06G-PC-05) que nos últimos cursos levou un ascenso constante ata 10,99 no curso 2015-16; agás algúns dobres graos, só están por riba deste valor Medicina, Odontoloxía e Enfermería.

O 91,82% de estudantes preinscritos elixiron a nosa Facultade en 1ª opción sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05). Esta porcentaxe é idéntica á do curso pasado e, a pesar de que diminuíu ao redor de sete puntos con respecto á do curso 13-14, mantense por riba do 90% nos catro últimos cursos, sendo unha das titulacións con maior valor deste indicador xunto con Enxeñaría Informática, Medicina e Historia.

Polo que se refire á procedencia dos alumnos na titulación, dispoñemos dos indicadores (IN09G-PC-05) de porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados e o (IN08G-PC-05) de porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados. Os datos do primeiro mostran unha boa acollida do título fóra de Galicia xa que a taxa non baixou do 41 % dende a implantación do grao. De feito é o título con maior cantidade de este tipo de alumnado de toda a USC, a moita distancia dos seguintes: Enfermería, Medicina, Odontoloxía e Farmacia todos eles no entorno do 10-20%.

Pola súa banda, a presenza de alumnos estranxeiros é case que testemuñal, cunha porcentaxe que non chega ao 3% e que se mantén estable sen apenas fluctuacións. Porén, é das máis altas de toda a USC só por baixo de Odontoloxía e Medicina no ámbito de Ciencias da Saúde, e tamén do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.

Mobilidade

A porcentaxe de estudantes que participaron en programas de mobilidade no curso 2015-16 retrocede con respecto ao curso anterior, tanto nos estudantes saíntes (IN17-PC-08) como entrantes (IN18G-PC-08). Trátase de indicadores agregados para tódalas mobilidades o que non permite ver exactamente a realidade de cada programa. Sendo cifras baixas sempre, os números varían apreciabilmente. Tamos feita unha análise máis detallada no informe para a renovación da acreditación do título presentado no mes de xaneiro, concretamente nés páxinas 7 e 8.

Prácticas externas

Nesta titulación a realización de varios periodos de prácticas externas é obrigatoria no décimo semestre; de aquí o valor de 100 que acada o indicador (IN22G-PC-09). Isto implica unha importante dificultade para xestionar os convenios e a organización das distintas rotacións que deben afectar a tódolos alumnos do Grao.

Os indicadores que miden a satisfacción dos axentes implicados (IN19G-PC-09, IN20G-PC-09 e IN21G-PC-09) en xeral suben con respecto ao ano anterior, todos eles con valores moi altos sobre 5 puntos máximo: 4,40 os alummnos e 4,17 para os titores.

Recursos humanos

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26G-PS-01) do curso 15-16 é practicamente idéntica a do curso anterior, e inferior en máis de 10 puntos porcentuais ao valor de partida no momento da implantación da titulación (87,88). Sen dúbida a razón témola que buscar na incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de reposición de efectivos por xubilación e de contratación de novo profesorado. Non obstante, a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25G-PS-01) vaise recuperando curso a curso, estando neste 2015-16 no 96,03% cercano ao 96,97 de 2010.

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24G-PS-01) con docencia no título experimenta unha subida considerable e sitúase nun 91,51%. É un dato moi positivo e a destacar polo que supón en canto aos estándares de calidade.

Resultados

As baixas taxas de abandono durante o primeiro curso (4,95% IN40G-S01-PM-01), e a reducida taxa de abandono final definida polo RD 1993 (1,85% IN41G-S01-PM-01) dan conta da coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria do título e o perfil real do estudiantado matriculado. Ademais, dos 68 graos da USC e para o curso 2015-16, tan só Medicina, Xornalismo e Mestre en Educación infantil teñen unha taxa de abandono durante o primeiro curso inferior á nosa.

A taxa de graduación (IN37G-S01-PM-01) situouse no 59% no curso 2015-16, o que practicamente duplica o obxectivo mínimo do 30% marcado na memoria do Grao.

A satisfacción do alumnado coa docencia mantense no 3,80 sobre un máximo de 5 puntos (IN46G-S01-PM-01). Os valores deste indicador nas titulacións de Ciencias da Saúde -coas que polo tipo de ensino cómpre facer calquera comparación- móvense en números similares.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G-S01-PM-01) está na mesma magnitude cun 3,84%.

Os indicadores relativos á satisfacción dos egresados coa información pública (3,36 IN23G-PC-05), os servizos (3,37 IN33G-PC-05) e a titulación en xeral (3,67 IN42G-S01-PM-01) mostran valores superiores aos do curso anterior. Non sendo particularmente baixos é un aspecto ao que deberemos prestar a debida atención.

Finalmente dicir que, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48G-PM-02) atópase sempre, e tamén no curso 2015-16, nuns valores relativamente baixos (25%), existindo un número importante de graos cunha taxa de participación maior. Neste sentido, desde a Comisión de Título comprometeuse unha acción de mellora para o curso 2015-16 (AM-1) na que se propoñía definir un modelo de recollida de datos por parte dos alumnos, para a súa análise pola Comisión de Titulación e o traslado da información aos departamentos e materias. O resultado foi en liñas xerais satisfactorio pois permitiu corrixir algunhas disfuncións, aínda que o modelo debe ser refinado tanto na recollida como na análise. Con todo, desde a ACMP considerouse unha iniciativa moi positiva e interesante que podería exportarse ao resto de titulacións como exemplo de boa práctica.

3. Plan de Melloras do Centro

O plan de melloras do Centro, ao ter só a titulación do Grao en Veterinaria, coincide case totalmente co plan de melloras proposto para o curso 2016-17 no informe de renovación da acreditación do título: ver páxinas 75 a 88.

Non obstante, como continuación da acción de mellora xa finalizada AM-6 do curso 2015-16, propónse a acción de mellora de centro AM-FV-1 que desenvolverá a Comisión de Riscos creada precisamente como consecuencia da execución da dita acción AM-6.

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	FV-AM-1	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Definición	Análise causa	Na AM-6 2015-16 propúxose iniciar un proceso de concienciación e cumprimento das normas de autoprotección e bioseguridade na realización das actividades formativas. Como consecuencia creouse a Comisión de Riscos da facultade.
			Definición/descrición proposta	A Comisión de Riscos deberá iniciar a súa actividade mediante as tarefas que a seguir se definen.
			Data prevista de finalización	29/12/2017
			Data inicio	01/03/2017
Responsables	Responsable da implantación	Ana Mª López Beceiro		
Tarefa1	Definición	Código	FV-AM-1.1	
		Descrición tarefa	A Comisión de Riscos deberá contactar cos responsables das materias para que 1. Identifiquen os riscos potenciais no desenvolvemento das súas actividades e elaboren unha folla informativa que as dé a coñecer xunto coas as normas de protección que deben observarse nos laboratorios e/ou dependencias, especialmente onde se leven a cabo as actividades prácticas cos alumnos. Esta folla informativa deberá necesariamente darse ao alumnado, quen deberá acreditar mediante firma que a coñece en comprende. 2. Definan os equipos de protección individual (EPI) que cada alumno necesita para realizar as actividades prácticas.	
		Data prevista de finalización	29/12/2017	
	Persoa responsable	Ana Mª López Beceiro		

Tarefa 2	Código	FV-AM-1.2
	Descrición tarefa	A comisión organizará a sinalética necesaria en tódolos pavillóns da Facultade, verificando que existan os carteis e paneis indicadores necesarios tanto de medidas de seguridade como de evacuación, equipos de emerxencia, etc., según a información proporcionada polo Servizo de Prevención de Riscos (SPR).
	Data prevista de finalización	29/12/2017
	Persoa responsable	Ana Mª López Beceiro
Tarefa 3	Código	FV-AM-1.3
	Descrición tarefa	A comisión supervisará tódalas necesidades de bioseguridade e bioprotección da Facultade, para elaborar unha memoria das posibles deficiencias atopadas, que serán comunicadas ao SPR.
	Data prevista de finalización	29/12/2017
	Persoa responsable	Ana Mª López Beceiro
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

4. Anexo: Informes de seguimento

Non se realizou o informe de seguimento do título correspondente ao curso 2015-16, xa que é o último do período que abarca o informe de renovación da acreditación do Grao en Veterinaria recén presentado o 31 de xaneiro de 2017.

En relación ao Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria impartido durante o curso 2015-16 con tres alumnos de nova matrícula, según informa a coordinadora do mesmo, tras realizar unha consulta á vicerreitoría de calidade informouse que, dado que o máster se extingue no presente curso 2016-17, non había obriga de presentalo, motivo polo cal non figura na presente memoria de calidade.